

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 8 DE XUÑO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns treitos antigos da estrada AC-440, xunto coa súa franxa de dominio público viario (DPV), a prol do Concello de Muxía.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Brión do treito da estrada AC-543, comprendido entre o p.q. 8+390 e o p.q. 10+000, xunto co seu dominio público viario, agás a calzada circular e beiravías das glorietas do p.q. 9+310 (conexión coa AC-304) e do p.q. 9+730 (conexión coa AC-300 e a AC-451).

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Política Social e Xuventude, a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG), a Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia (Agavi), a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (Atrega) e a Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (Avipo) para o desenvolvemento do programa Xacobeo Xove, por importe total dun millón de euros (1.000.000 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura das addendas aos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as federacións deportivas galegas, para a realización do Programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2023, polas que se inclúen os proxectos de especial relevancia (PER) incluídos no Plan de promoción da igualdade no deporte no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, por importe de cento setenta e cinco mil euros (175.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das addendas aos convenios de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as federacións deportivas galegas, para a realización do Programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2023, polas que se inclúen os proxectos de especial relevancia (PER), por importe de cento noventa e sete mil cincuenta euros (197.050 €).

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o encargo á empresa de Transformación Agraria S.A., SME MP (Tragsa) para a realización de actividades de conservación e mellora dos ecosistemas mariños e as súas contornas na costa de Galicia, con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-Next Generation, por un importe de catro millóns catrocentos cincuenta e nove mil douscentos cincuenta e cinco euros (4.459.255 €).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para completar as axudas ao persoal investigador principal dos programas Grant do Consello Europeo de Investigación (ERC), por un importe total de trescentos vinte e cinco mil euros (325.000 €).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para as obras de restauración da Igrexa Concatedral de San Xiao e da Igrexa da Nosa Señora das Dores en Ferrol, por un importe total de setecentos oitenta e oito mil seiscentos vinte e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (788.624,55 €), e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos á conta.

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados e para eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2023-2025 e se procede á primeira convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o financiamento de accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas, para o exercicio de 2023. Importe total: tres millóns cento corenta e oito mil trescentos trinta e catro euros (3.148.334 €).

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) para a continuidade da Unidade Mixta Roche-CHUS Joint for Precisión Oncology, por un importe de setenta e cinco mil euros (75.000 €).

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria, para a posta en marcha en 2023 e 2024 do Programa integral de formación e *mentoring* destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Xuventude Mentoring), cofinanciado pola Unión Europea, no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Importe total: un millón de euros (1.000.000 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Xuventude a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao establecido na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a concellos e mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia para a adquisición de vehículos que faciliten a prestación de servizos destinados a persoas maiores, a persoas dependentes ou a persoas con discapacidade, ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU de conformidade co Regulamento (UE) número 2021/241, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e se convocan para o ano 2023. Importe total: un millón de euros (1.000.000,00€).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- informe sobre o inicio do proceso de manifestación de interese polo que se invita aos operadores económicos e investidores a participar nunha sociedade privada, cuxo obxecto é a posta en valor dos recursos naturais de Galicia.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre a ampliación da Rede Galega de Centros Integrados de Formación Profesional, que pasará a estar constituída por 27 centros.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a estratexia de oncoloxía de precisión.
- Informe sobre a oferta 2023/2024 de prazas de formación sanitaria especializada en Galicia.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a oferta formativa regrada e a non regrada para a obtención de títulos habilitantes das unidades dependentes desta consellería.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DO TREITO MÁIS URBANO DA ESTRADA AC-543 A PROL DO CONCELLO DE BRIÓN

- A transferencia enmárcase na colaboración entre o Goberno galego e a Administración local para actuar nun tramo de 1,5 km desta vía autonómica, cun investimento de 605.000 euros
- O convenio inclúe a asunción por parte do Concello da titularidade do treito intermedio da vía, entre o quilométrico 8+390 e o 10+000
- A Xunta asumirá o financiamento do 70 % das actuacións, cun investimento de 424.000 euros, e o Concello completará o orzamento restante e contratará e executará as obras
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e o seu mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou o cambio de titularidade do treito máis urbano da estrada AC-543 a prol do Concello de Brión, para o seu acondicionamento ao paso polo municipio.

Esta transferencia enmárcase no convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Brión para actuar nun tramo de 1,5 km desta vía autonómica, que suporá un investimento de 605.000 euros.

En concreto, transfírese o treito desta vía desde o punto quilométrico 8+390 ao 10+000, xunto co seu dominio público asociado, coa excepción da calzada e da beiravía das glorietas da AC-543, nos puntos de conexión con outras vías autonómicas, que seguirán sendo de titularidade da Xunta.

En canto ás actuacións recollidas no convenio asinado entre ambas as administracións, a Xunta asumirá o 70 % do financiamento das obras, achegando preto de 424.000 euros, e o Concello completará o investimento restante e contratará e executará os traballos.

As actuacións propostas permitirán á Xunta e ao Concello coordinarse na adopción das medidas de calma de tráfico necesarias e darlle unha funcionalidade adaptada ao dunha rúa municipal a este treito intermedio da vía autonómica.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A estrada AC-543 atende agora unha mobilidade de carácter local, tras a apertura da autovía Santiago-Brión, a AG-56, e a súa continuación ata Noia como vía de altas prestacións.

Deste xeito, a intervención recollida no convenio de colaboración ten como obxectivo conseguir que a estrada AC-543, ao seu paso por Brión, se converta nunha rúa, nunha vía máis humana ao servizo dos núcleos de poboación polos que pasa e con especial atención aos usuarios vulnerables.

En detalle, as obras centraranse na ampliación e renovación das beirarrúas, para iso será preciso estreitar a propia calzada; na reposición da capa de rodaxe en ambos os dous carrís, beiravías e bandas de estacionamento e na renovación da sinalización.

Na execución destas actuacións, e para non solapar nin duplicar o traballo, o Concello deberá ter en conta as obras de mellora da accesibilidade e as conexións das paradas de autobuses que está a impulsar a Xunta nas estradas da súa titularidade. A actuación programada pola Xunta prevé mellorar seis paradas de autobús que están situadas neste treito da estrada AC-543: en ambas as marxes no lugar do Tremo, na gasolinera do Tremo e no empalme de Liñares.

Co cambio de titularidade, o Concello de Brión terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Plano da zona de actuación e da proposta de transferencia do treito intermedio da AC-543 a prol do Concello de Brión, autorizada hoxe no Consello da Xunta:



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE CATRO TREITOS ANTIGOS DA AC-440 A PROL DO CONCELLO DE MUXÍA

- O Goberno galego cede estes tramos antigos da vía que comunica Berdoias e Muxía, concretamente nos núcleos de Suxo e de Moraime, e na contorna do cemiterio
- Atende así á solicitude do Concello e favorece a mellora da seguridade viaria en varias estradas locais
- O Concello asume a titularidade destes treitos e terá a responsabilidade da súa conservación e do seu mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Muxía de catro treitos antigos da estrada autonómica AC-440, xunto coa súa franxa de dominio público viario, nos núcleos de Suxo e de Moraime, e na contorna do cemiterio.

Concretamente, transfírense dous tramos antigos na marxe dereita da AC-440. Un primeiro treito localizado no lugar de Suxo, de 92 metros de lonxitude, entre os puntos quilométricos 4+780 e 4+880, xunto cos 1.348 m<sup>2</sup> da franxa de dominio público; e un segundo treito de 123 metros na contorna do cemiterio, do quilómetro 5+040 ao 5+130, así como os 1.499 m<sup>2</sup> de dominio público asociado.

Ademais, transfírense dous treitos antigos da marxe esquerda da AC-440 na parroquia de San Xulián de Moraime. Neste caso, trátase do treito de 273 metros de lonxitude, entre os puntos quilométricos 11+180 e 11+390, xunto co seu dominio público asociado de 3.338 m<sup>2</sup>; e un segundo treito de 404 metros de lonxitude e a franxa de 4.853 m<sup>2</sup> de dominio público asociado no tramo comprendido entre o quilómetro 11+820 e 12+240.

O Goberno galego autoriza a cesión destes tramos antigos desta estrada autonómica que comunica Berdoias e Muxía atendendo á solicitude do Concello coruñés e favorece as actuacións de mellora da seguridade viaria en varias estradas locais.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia, o Concello de Muxía terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.


#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Nas seguintes imaxes amósanse os tramos obxecto da transferencia autorizada hoxe:



## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA A POSTA EN MARCHA EN XULLO DO PROGRAMA XACOBEO XOVE CON DESCONTOS DE ATA 200 € Á MOCIDADE EN ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DO CAMIÑO**

- O obxectivo do programa é fomentar as rutas xacobeas como experiencia turística para a xuventude galega
- As axencias de viaxes galegas ofertarán paquetes turísticos para as persoas usuarias do Carné Xove, aquelas con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a posta en marcha en xullo do programa *Xacobeo Xove* que ofrecerá descontos de ata 200 euros como máximo á mocidade galega para cubrir gastos en aloxamento e manutención en establecementos turísticos do Camiño, co obxecto de fomentar as rutas xacobas entre as novas xeracións.

Rueda puxo en valor que o Camiño é unha experiencia que atrae a xente de calquera idade e, como mostra, apuntou a que, segundo os datos das compostelas que manexa na actualidade a Oficina do Peregrino "un terzo dos camiñantes que chegan a Compostela teñen menos de 30 anos". Por iso, defendeu estes paquetes -que serán ofertados exclusivamente a través de axencias de viaxes- para "animar a máis mozos e mozas a desfrutar da experiencia única que supón percorrer a ruta xacobeá".

Para iso, o Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de acordo que autoriza a subscrición do convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Consellería de Política Social e Xuventude, a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia, a Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia, a Asociación de Turoperadores receptivos de Galicia e a Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra.

Rueda precisou que o *Xacobeo Xove* vai dirixido aos mozos e mozas que teñan o Carné Xove -é dicir, con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos- e serán comercializados polas axencias de viaxes minoristas e incluírán un prezo especial cun desconto de 200 euros sobre o seu custo total, "co que se cubriría entre o 40 % e o 50 % destes gastos", calculou o mandatario galego.

O presidente da Xunta indicou que a esta campaña, que terá vixencia ata o 31 de decembro, destínanse un millón de euros, polo que adiantou que "o obxectivo é que chegue a uns 5.000 mozos e mozas".

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **OS PROXECTOS DE ESPECIAL RELEVANCIA DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS ESTARÁN DOTADOS CUNHA ACHEGA DE PRETO DE 375.000 EUROS**

Sumando esta contía que aproba hoxe o Consello da Xunta de Galicia ao importe dos convenios aprobados en decembro, as federacións deportivas de Galicia reciben neste 2023 un total de máis de 5 millóns de euros, un 8 % máis que o destinado en 2022, e supera por vez primeira a dotación económica de 2010 para marcar a contía máis elevada da historia

O Consello da Xunta acaba de aprobar senllas addendas dos convenios de colaboración coas federacións deportivas galegas polas que modifican os cadros de financiamento para incluír os proxectos de especial relevancia (PER). Os proxectos de especial relevancia (PER) de cada federación son campionatos e eventos deportivos de relevancia autonómica, estatal e internacional, que se celebran na nosa Comunidade ao longo de 2023 e que contribúen a situar Galicia como referencia no ámbito deportivo e competitivo.

Estes dous acordos supoñen un novo investimento de preto de 375.000 euros (372.050 euros) que, sumado aos 4,7 millóns de euros (4.715.682 euros) aprobados en decembro do ano pasado e referidos aos devanditos convenios de colaboración, acadan unha cifra récord de máis de 5 millóns de euros (5.087.732 euros), un 8 % máis ca o destinado en 2022 (4.715.682 euros), que supera por vez primeira a dotación económica de 2010 (5.081.955,17 euros) para marcar a contía máis elevada da historia.

Por unha banda, autorízanse os proxectos de especial relevancia incluídos no Plan de promoción da igualdade no deporte no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, por importe de 175.000 euros. En total serán 36 proxectos de 36 federacións deportivas de Galicia -actividades subacuáticas, atletismo, automobilismo, bádminton, baile deportivo, baloncesto, balonmán, béisbol, billar, birlos, caza, ciclismo, halterofilia, hípica, hóckey, judo, karate, kung fu, montañismo, motociclismo, motonáutica, orientación, petanca, piragüismo, remo, rugby, squash, surf, taekwondo, tenis, tenis de mesa, tiro olímpico, triatlón, vela, voleibol e ximnasia-.

Pola outra, apróbanse os proxectos de especial relevancia das federacións deportivas de automobilismo, béisbol, birlos, ciclismo e halterofilia para a promoción e o desenvolvemento da súa modalidade deportiva por importe de 197.050 euros, que se suman ás anteriores contías.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste 2023, a Secretaría Xeral para o Deporte ten proxectado un orzamento inicial de 44.071.363 euros, un orzamento que se incrementa un 36 % con respecto a 2022 (32.489.463 euros) e supón o maior orzamento da historia do deporte galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 4,5 M€ EN ACTUACIÓNS DE MELLORA E CONSERVACIÓN DOS ECOSISTEMAS MARIÑOS EN 620 HECTÁREAS DE ESPAZOS COSTEIROS PROTEXIDOS

- O Consello autorizou hoxe a encomenda dos traballos, que se financiarán con cargo ao *Next Generation-UE* e permitirá intervir de aquí ao ano 2026 en 12 espazos litorais baixo algún tipo de protección, na súa maioría zonas de especial conservación (ZEC)
- Por primeira vez intervirase en varias destas áreas costeiras de forma simultánea e cun horizonte plurianual, facendo máis efectivo e duradeiro o impacto das medidas
- Os traballos previstos inclúen a restauración de bosques de laminarias, coñecidas como as carballeiras dos fondos mariños, a recuperación de sistemas dunares ou o cultivo en viveiro da camariña, especie arbustiva desaparecida en parte da costa
- Estas actuacións enmárcanse nos principios inspiradores da futura Lei de ordenación e xestión integral do litoral, a primeira de España en regular a franxa costeira en toda a súa extensión para protexer os seus valores como sinal identitario de Galicia

A Xunta investirá preto de 4,5 millóns de euros na execución dunha serie de actuacións destinadas a mellorar o estado de conservación do medio mariño e terrestre nunha ducia de espazos de especial protección da costa galega e, particularmente, naquelas zonas con hábitats prioritarios debido á presenza de especies de interese comunitario.

O Consello autorizou esta mañá a encomenda dos traballos, que se financiarán con cargo aos fondos do programa europeo *Next Generation-UE* e que encaixan, concretamente, na compoñente 4, destinada a apoiar proxectos de Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade.

A previsión é intervir en ao redor de 620 hectáreas (equivalentes a 620 campos de fútbol) localizadas en 12 espazos costeiros protexidos de Galicia, 11 deles zonas de especial conservación (ZEC) marítimo-terrestres. Concretamente, actuarase en: ría de Foz-Masma; costa da Mariña Occidental; Ortigueira-Mera; Betanzos-Mandeo; costa Ártabra; Carnota-Monte Pindo; Costa da Morte; complexo húmido de Corrubedo; complexo Ons-O Grove; costa da Vela; Baixo Miño –todas elas declaradas ZEC–; e illa de Cortegada, Malveiras e outras illas próximas, pertencentes ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, da zona húmida de importancia internacional Ramsar e da área mariña protexida OSPAR.

Esta será a primeira vez que se interveña en Galicia en varias áreas costeiras protexidas de forma simultánea e os traballos, que comezarán a executarse este verán, terán un prazo de execución previsto de 34 meses que se prolongará ata o ano 2026, un horizonte temporal plurianual co que se logrará unha maior efectividade e duración no impacto das medidas aplicadas ao prolongalas no tempo e facer un seguimento.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ás actuacións concretas, con carácter xeral realizaranse na zona de dominio público marítimo-terrestre das ZEC seleccionadas labores de limpeza e retirada de lixo en fondos mariños, áreas intermareais e litorais; control e eliminación de especies invasoras e de árbores alóctonas; medidas informativas e de sensibilización; reforzos poboacionais con especies autóctonas e controis periódicos dos espazos rexenerados, e medidas protectoras como a instalación de sinais costeiros e varandas de madeira.

Máis polo miúdo, unha das intervencións de maior relevancia prevista na encomenda será a restauración dos bosques de kelp ou laminarias (*Laminaria ochroleuca*), unha especie de carballeiras dos fondos mariños e para cuxa recuperación se aplicarán técnicas de sementeira a partir de xermoplasma de cepas de algas locais. Estas intervencións faranse na ría de Foz, Ortigueira-Mera, Betanzos-Mandeo, costa Ártabra, Carnota-Monte Pindo, Costa da Morte, Ons-O Grove e Costa da Vela.

Tamén cómpre subliñar os traballos de recuperación da camariña (*Corema album*) na Costa da Vela, Costa da Morte e Baixo Miño, unha especie arbustiva dunar desaparecida nunha parte do seu territorio orixinal polo que se impulsará o seu reforzo nestes espazos co cultivo *ex situ* (en viveiro) da especie para a posterior repoboación de dunas.

Precisamente os sistemas dunares, característicos de moitos espazos protexidos marítimo-terrestres do litoral galego, serán un foco de actuación prioritario no marco desta encomenda, con actuacións programadas para avanzar na restauración e protección destes ecosistemas en case todas as ZEC e medidas dirixidas a preservar a flora e fauna dunar, como por exemplo a pílara das dunas e outras aves mariñas.

Así mesmo, haberá outras intervencións específicas adaptadas ás características de certas zonas protexidas, como é o caso de Corrubedo, coa mellora de hábitats e a creación de refuxios para os morcegos, ou a ría de Foz, onde se realizarán labores de limpeza de lixo en zonas con presenza de brezais costeiros, hábitat prioritario 4040\*.

### **Protección integral do litoral**

O litoral é unha parte fundamental do patrimonio natural de Galicia e conforma moitos dos hábitats senlleiros da Comunidade. De aí a importancia de preservar a biodiversidade das nosas costas e a necesidade de actuar na defensa do patrimonio natural dos galegos coa recuperación dos seus diferentes tipos de ecosistemas.

Neste sentido, as actuacións que se executarán no marco da encomenda autorizada hoxe enmárcanse tamén nos principios inspiradores da futura Lei de ordenación e xestión integral do litoral de Galicia, a primeira en España en regular a franxa costeira en toda a súa extensión, incluíndo tanto a zona terrestre e intermareal como a área

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mariña ata as 12 millas náuticas, e que busca protexer e conservar os valores que integran estas áreas como sinal identitario da Comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA UNHA AXUDA DE 325.000 € PARA UN NOVO CIENTÍFICO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO QUE ACADOU UN CONTRATO DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN PARA O PERÍODO 2023-2027**

- O Consello autoriza esta contía complementaria para o período 2023-2027 para un investigador do programa europeo Consolidator Grants que desenvolve o seu labor no Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes da USC
- As universidades galegas contan con 12 investigadores con axudas ERC (European Research Council)
- Desde 2012, o Goberno galego leva inxectado preto de 7 M€ nesta acción

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) cunha axuda complementaria de 325.000 € para un novo científico que acadou un contrato do Consello Europeo de Investigación para o período 2023-2027.

Trátase de David Ryan Glowacki, científico do programa europeo Consolidator Grants que desenvolve o seu labor no Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS) da USC, a única que conta con investigador no programa ERC (European Research Council) para este período concreto. O obxectivo é que poida crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación.

Desde o ano 2012, a Xunta de Galicia vén asinando convenios coas tres universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG) co fin de achegar unha axuda complementaria para que o persoal investigador principal beneficiario das convocatorias dos programas ERC poida crear ou consolidar o seu propio equipo de investigación en Galicia.

Neste período, a Consellería de Educación leva achegados a esta acción un total de 6.725.000 € e beneficiado a 23 investigadores das tres universidades públicas galegas, dos que, actualmente, 12 contan con axuda vixente: nove na USC, un na UDC e dous na UVigo.

Estas partidas complementarias do Goberno galego deberán ir destinadas a financiar a contratación de persoal investigador ou auxiliar para o equipo dirixido polo investigador principal ERC, para un pequeno equipamento e material funxible, así como para os custos do mantemento dese material; para material bibliográfico, para a adhesión a sociedades científicas, para a formación do persoal do equipo relacionado coa actividade

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do proxecto, para desprazamentos vinculados coa dita actividade, para investigadores visitantes e para a organización de actividades de difusión e ferramentas de xestión do coñecemento e información, tales como aplicacións informáticas ou bases de datos, entre outros.

Cómpre lembrar que o ERC busca impulsar a longo prazo proxectos de científicos excelentes e apoia a creación de equipos para que realicen unha investigación innovadora e potencialmente moi rendible, pero de alto risco. Para conseguir o obxectivo de impulsar a próxima xeración de directores de investigación que acheguen novas ideas e enerxía, o ERC concede subvencións ao programa Grant (Starting, Advanced, Consolidator e Synergy), destinadas ao persoal con entre dous e 12 anos de experiencia desde a finalización do doutoramento.

As ditas axudas son a longo prazo, cunha duración de ata cinco anos, e están dirixidas a persoal investigador cun perfil que o identifique como líder no seu ámbito, cunha traxectoria profesional científica moi prometedora e con proxectos pioneiros que abran novos camiños nos seus respectivos campos. O criterio único de avaliación é a excelencia científica da proposta.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ 800.000 € NA RESTAURACIÓN DA CONCATEDRAL DE FERROL E DA IGREXA DAS DORES

- O Consello da Xunta de Galicia autoriza a sinatura dun convenio coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol para actuar nestes dous bens do barrio da Magdalena
- No caso de San Xiao, trátase da primeira actuación do Plan Catedrais de Galicia, que se centra en resolver as patoloxías da fachada e das torres
- O acordo recolle a adecuación do espazo interior da igrexa das Dores, un templo de especial importancia pola súa vinculación coa Semana Santa ferrolá

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol, para actuar na Concatedral de San Xiao e na igrexa de nosa Señora das Dores, dous importantes bens patrimoniais da cidade de Ferrol incluídos no ámbito de protección do barrio da Magdalena. Trátase dun acordo dotado con preto de 800.000 € que suporá importantes melloras nestes dous elementos vencellados co Camiño de Santiago e coa celebración da Semana Santa ferrolá, declarada festa de interese turístico internacional.

No caso de San Xiao, os traballos constitúen a primeira actuación neste templo do Plan Catedrais de Galicia, a folia de ruta posta en marcha co horizonte do Ano Santo 2027 para planificar as intervencións e os investimentos nas cinco catedrais, nas concatedrais de San Xiao de Ferrol e de Santa María de Vigo e na antiga catedral de San Mariño de Mondoñedo de Foz, inmobles, todos eles, de gran valor social e simbólico vencellados a rutas de peregrinación.

Así, cunha achega de 450.000 €, a intervención centrarase en resolver as patoloxías da fachada e das torres. Para iso, as principais actuacións que se van levar a cabo inclúen a limpeza da superficie tanto nos paramentos verticais como na cuberta das cúpulas, nas cornixas ou nas molduras. Esta limpeza prevé tamén a eliminación das raíces e o tratamento de plantas enraizadas.

O proxecto recolle o encintado e a selaxe das xuntas, a consolidación da fábrica e a recolocación da barra sobre o que se sustenta a bóla, o catavento, a cruz e o pararaos. Por último, procederase á desmontaxe das pezas que forman o chapitel para a posterior reparación e reposición.

Por outro lado, ao abeiro deste convenio, destinaranse preto de 340.000 € para completar a restauración da igrexa das Dores de Ferrol, un templo de especial importancia para a cidade pola súa vinculación coa celebración da Semana Santa ferrolá,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

declarada de interese turístico internacional, e por ser sede da confraría do mesmo nome.

Neste senso, despois dos traballos levados a cabo no ano 2021 para dotar de seguridade e estanquidade o templo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades impulsa agora unha nova actuación para adecuar o espazo interior e a sancristía co fin de que o templo poida volver a ser utilizado de novo.

Con este fin, os traballos propostos inclúen a limpeza e restauración das fábricas de pedra e do remate das torres, a eliminación da cablaxe, a renovación da pintura, a incorporación de ventilación na carpintería exterior e a eliminación dun aseo na zona do corralón. No relativo ao interior da nave, actuarase na restauración dos lenzos e na renovación da instalación eléctrica e do iluminación. A intervención prevé, ademais, a substitución da carpintería exterior da sancristía e a incorporación dun novo aseo.

### **Garantir a adecuada conservación**

O convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Administración autonómica e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol co fin de garantir a adecuada conservación destes dous monumentos de especial importancia para a cidade de Ferrol.

Así mesmo, apóstase por manter e promover a súa finalidade e significación relixiosa e cultural ao tempo que se pon en valor a súa función e potencialidade.

O acordo enmárcase ademais na colaboración estable que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades mantén coas dioceses galegas para a posta en valor do patrimonio cultural galego.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVOCARÁ NOVAS UNIDADES FORMATIVAS EN EMPRESAS POR MÁIS DE 3 M€, CO COMPROMISO DE QUE CONTRATEN PERSOAS DESEMPREGADAS ESTE 2023**

- O Consello autorizou a nova convocatoria deste programa destinado a empresas de calquera forma xurídica ou que sexan titulares de centros de formación profesional
- As accións do programa realizaranse ata o 1 de decembro de 2023 e estímase que poidan ter como beneficiarias máis de 1.000 persoas
- O programa establece un compromiso de contratación de polo menos o 60 % do alumnado por un mínimo de 6 meses, ou do 40 % de se tratar de 12 meses ou máis
- A Xunta de Galicia deseñou un procedemento máis áxil co que pretende manter aberta a convocatoria a maior parte do ano para dar resposta ás necesidades das empresas
- Con esta medida, o Goberno galego avoga por mellorar a situación de persoas desempregadas e adaptar a súa cualificación ás necesidades do tecido produtivo

O Consello deu hoxe o visto e praxe a unha nova convocatoria coa que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade financiará accións formativas desenvolvidas polas empresas para persoas desempregadas, co compromiso de que contraten, polo menos, o 60 % durante 6 meses ou o 40 % no caso de se tratar de insercións de 12 ou máis mensualidades.

A Xunta de Galicia destina a esta liña 3,1 millóns de euros, co obxectivo de brindarlles máis e mellores oportunidades ás persoas sen traballo e de poder satisfacer e adaptar a cualificación deste capital humano ás necesidades do tecido produtivo.

A través da nova orde de unidades formativas en empresas artéllanse os apoios mediante unha convocatoria anual, que flexibiliza os trámites para que a concesión de achegas se realice de xeito máis áxil e coa idea de que se poidan levar a cabo accións durante gran parte do ano, para casar a oferta formativa co calendario de necesidades das firmas.

Poderán beneficiarse dos apoios as empresas -calquera que sexa a súa forma xurídica-, as agrupacións temporais de empresas que presenten solicitude conxunta e aquelas que sexan entidades con centros de formación inscritos no ámbito laboral.

Con esta liña de axudas, o Goberno galego promove a mellora da empregabilidade da cidadanía, á vez que contribúe a adaptar a cualificación das persoas traballadoras para favorecer a competitividade do tecido produtivo. Así, a empresa pode atender as súas necesidades máis inmediatas -determinadas pola ampliación da súa actividade ou a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

apertura de novas liñas de negocio- cubrindo esa ausencia de persoal. Calcúlase que poderán beneficiarse destas accións máis de 1.000 persoas na presente convocatoria.

A formación, que se levará a cabo a través das unidades, terá como data máxima de remate o 1 de decembro de 2023. O prazo de solicitude para as entidades, pola súa banda, abrirase esta primeira quincena de xuño e terá vixencia ata o 30 de setembro deste ano.

Todas as accións terán carácter presencial, polo que as empresas deberán contar con mecanismos de control de asistencia de carácter biométrico.

As accións formativas obxecto de financiamento dirixiranse ás persoas traballadoras desempregadas, é dicir, que estean inscritas como demandantes no Servizo de Emprego de Galicia e a súa situación laboral reflecta esa non ocupación, na data da súa incorporación na oferta.

Entre outras novidades, as unidades formativas realizaranse por primeira vez en convocatoria anual e mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, o que permite unha maior rapidez e axilidade na concesión da axuda.

O programa insírese no Plan galego de formación para o emprego, dotado para o presente ano con máis de 125 millóns de euros, para continuar impulsando unha formación dual e flexible, axustada ás tendencias do tecido produtivo e ao cada vez máis competitivo mercado laboral.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIA AS INVESTIGACIÓNS DE BIOPSIA LÍQUIDA E NANONCOLOXÍA VENCELLADAS AOS CANCROS DE MAMA E PRÓSTATA

- O Servizo Galego de Saúde e ACIS colaboran coa Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) e o laboratorio farmacéutico Roche Farma na análise dos procesos metastásicos, coa finalidade de obter resultados con aplicación clínica
- O novo convenio de colaboración contará cunha achega económica de 75.000 euros para continuar a desenvolver as liñas de investigación abertas na Unidade Mixta de Investigación Roche-CHUS

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS) para que se continúen a realizar actividades de innovación e investigación sobre o cancro de mama e de próstata por medio da Unidade Mixta Roche-CHUS Joint for Precisión Oncology.

O Executivo galego deu luz verde a unha achega económica de 75.000 euros, para manter as liñas de investigación abertas por esta unidade, nas que a Fundación IDIS, a través do grupo Oncomet, traballa no desenvolvemento de solucións innovadoras para mellorar o diagnóstico, o tratamento, a avaliación e a monitorización destes dous tipos de cancros dun xeito individualizado.

Durante os últimos anos, os seus estudos centráronse na análise dos procesos metastásicos, coa finalidade de obter resultados con aplicación clínica, maximizando así as posibilidades de que a investigación reverta no sistema de saúde no menor tempo posible.

A Unidade Mixta Roche-CHUS foi configurada como un proxecto translacional, no cal participan oncólogos e investigadores de distintas disciplinas: bioloxía molecular e celular, química, etc., dentro dun sistema adecuado para o desenvolvemento de proxectos de innovación en saúde. Agora, o novo convenio de colaboración pretende incidir no mantemento das liñas de investigación que se iniciaron nesa unidade e que continúa desenvolvendo a Fundación IDIS, a través do seu grupo de oncoloxía médica translacional Oncomet, e nas que destacan tres grandes áreas.

En concreto, a da biopsia líquida, que se centra no estudo do material tumoral presente en distintos fluídos biolóxicos, principalmente o sangue de pacientes con cancro de mama e próstata.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os avances en nanoncoloxía, que se centra na xeración de novas ferramentas que permitan o diagnóstico, a avaliación e monitorización do cancro mediante o uso da nanotecnoloxía, co obxectivo de ofrecer produtos con aplicación en oncoloxía.

E, finalmente, a modelización, en que a través de modelos *in vitro* e *in vivo* pretende reproducir os eventos clave no proceso de metástase dos cancros epiteliais de mama e próstata, representando un escenario preclínico próximo á realidade do paciente. Estes modelos supoñen instrumentos para o estudo dos mecanismos principais da metástase, da caracterización molecular e funcional das células tumorais, ademais de ferramentas para o seu emprego en clínica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O PROGRAMA XUVENTUDE MENTORING DA XUNTA TERÁ DÚAS NOVAS EDICIÓNS ESTE ANO E O NO 2024**

- O Goberno galego destinará un millón de euros para levalo a cabo coa colaboración do Consorcio Interuniversitario de Galicia (Cixug)
- Os participantes, mozos de entre 18 e 30 anos, reciben asesoramento, titorización individualizada e desfrutan de actividades para impulsar a súa rede de contactos e facilitar o seu acceso ao mercado de traballo

O Consello da Xunta aproba a sinatura dun convenio co Consorcio Interuniversitario de Galicia (Cixug) para poñer en marcha dúas novas edicións do Xuventude Mentoring, unha iniciativa que procura axudar á mocidade na transición da vida académica a laboral con actividades de formación e mentorización por titores do mundo empresarial.

Xuventude Mentoring vai xa na súa terceira edición e nel levan participado preto de 430 mozos e mozas, todos eles titulados universitarios ou de formación profesional. No programa reciben formación, asesoramento, titorización individualizada e desfrutan de actividades para impulsar a súa rede de contactos e mellorar o acceso ao mercado de traballo.

Unha vez rematado Xuventude Mentoring ao redor da metade das mozas e mozos conseguiron traballo e case o 20% están a ampliar a súa formación a través de prácticas e estudos de posgrao.

Os bos resultados da iniciativa levan a que o Goberno galego destine un millón de euros para a realización de dúas novas edicións, unha na segunda metade deste ano e outra no 2024. Farao coa colaboración das tres universidades galegas. O programa vai dirixido a todos os mozos de 18 a 30 anos inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e teñan cursado algún tipo de estudo superior.

#### **Xuventude Mentoring na Empresa**

Así mesmo, a Xunta tamén ampliará este programa cunha nova iniciativa chamada Xuventude Mentoring na Empresa, coa que os participantes poderán realizar estadias formativas en empresas de tres meses de duración.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA UNHA ORDE DOTADA CUN MILLÓN DE EUROS PARA QUE CONCELLOS E MANCOMUNIDADES COMPREN VEHÍCULOS ADAPTADOS DESTINADOS AOS SERVIZOS SOCIAIS**

- A contía máxima da axuda será de 40.000 euros por vehículo e os coches, de emisión cero, eco ou de etiqueta C verde, deberán adquirirse no 2023
- As administracións locais que pidan a axuda non poden superar os 15.000 habitantes

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha orde de axudas dotada cun millón de euros para que os Concellos ou as Mancomunidades adquieran no 2023 vehículos adaptados e de emisión cero, eco ou de etiqueta C verde e cuxo uso sexa para a atención nos servizos sociais.

Esta nova convocatoria recolle que a contía máxima da axuda será de 40.000 euros por vehículo. O requisito é que tanto os Concellos como as Mancomunidades deben ter menos de 15.000 habitantes. Así mesmo, poderán solicitar un anticipo de ata o 80% da subvención concedida para facilitar que as asociacións conten con liquidez antes de facer fronte a adquisición do vehículo.

A posta en marcha desta liña de axudas obedece ao compromiso do Goberno galego coa mellora da atención aos maiores e ás persoas con discapacidade. Ademais, a Administración autonómica favorece por un lado a compra de medios de transporte que respecten o medio ambiente. Esta orde súmase á publicada a finais do ano pasado co mesmo cometido pero dirixida ás entidades sociais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ABRE O PROCESO DE CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS PRIVADOS PARA A SOCIEDADE MIXTA QUE SE CREARÁ AO ABEIRO DA LEI DE RECURSOS NATURAIS**

- Indica que as empresas interesadas poderán presentar as súas propostas desde o vindeiro luns e ata o 30 de xuño
- Subliña que á hora de seleccionar aos socios desta entidade, a Xunta terá en conta “o arraigo con Galicia” das empresas e que a súa fonte principal de ingresos “non sexan as actividades enerxéticas”
- Trátase dunha iniciativa pioneira en España que contempla a futura Lei para garantir que os beneficios do aproveitamento dos recursos naturais de Galicia reverten na comunidade

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego iniciará a vindeira semana o proceso de captación de investimentos privados para a creación da sociedade mixta que investirá en proxectos que aproveiten os recursos naturais de Galicia. Esta entidade público-privada xorde ao abeiro da Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais que acaba de rematar a fase de exposición pública.

O principal obxectivo desta normativa é que os beneficios socioeconómicos do aproveitamento de recursos naturais -como os que fan uso intensivo da auga, as iniciativas mineiras ou as enerxías renovables- revertan en Galicia. Para iso, o documento prevé a creación dunha sociedade público-privada -na cal se blindará a posición de control da Xunta de Galicia- que poderá ser titular de proxectos de aproveitamentos dos recursos.

Tal e como explicou Rueda, o Consello autorizou hoxe lanzar “unha manifestación de interese para convidar aos investimentos privados” interesados nesta iniciativa a que amosen “a súa vontade de implicarse”. Desde o vindeiro luns día 12 e ata o 30 de xuño as empresas interesadas en participar nesta sociedade poderán presentar as súas propostas na web corporativa da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Entre os criterios que van ser priorizados á hora de seleccionar as empresas que conformen a sociedade mixta, o presidente subliñou “o arraigo en Galicia”, é dicir, terán prioridade as industrias “que teñan aquí o centro de decisións e xeren riqueza na nosa terra”. Ademais, outro requisito imprescindible será que “a súa fonte principal de ingresos non sexan as actividades enerxéticas”, indicou Rueda.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As entidades que queiran formar parte desta iniciativa deberán “estar en sintonía coa filosofía” do anteproxecto de lei de recursos naturais e ademais, segundo resaltou Rueda, terase en conta tamén “a contía da achega económica” que propoñen aínda que non vai existir unha contía mínima.

O presidente asegurou que as entidades locais tamén poderán participar nesta sociedade mixta e que a Xunta realizará unha función de control para “evitar que prosperen proxectos que non redunden no interese de Galicia ou dunha zona concreta”.

### **Unha iniciativa pioneira en España**

A sociedade mixta que se vai crear no marco da Lei de recursos naturais é unha iniciativa pioneira en España, a través da que Galicia poderá poñer os recursos naturais da comunidade ao servizo dos intereses comúns. Porque o principal obxectivo da futura normativa é facer de Galicia un referente no aproveitamento de recursos naturais desde o punto de vista da sustentabilidade -velando porque se lle asignen usos óptimos e con vocación de perdurar no tempo, xa que os recursos son finitos- e do retorno social ao impulsar que os beneficios obtidos dos recursos naturais revertan na propia Comunidade.

### **A futura normativa**

A lei consta dun título preliminar e sete títulos. No preliminar acóutase o obxecto da norma e defínese o que se entende por beneficios sociais e económicos. Xa no primeiro título se regulan os proxectos a que se refire o texto legal e incorpora unha das principais novidades desta normativa: unha análise integral de todos os efectos que produce a iniciativa en cuestión e as medidas que propón a promotora para compensalos.

No segundo título abórdase a creación da sociedade mixta e no terceiro, o desenvolvemento futuro da enerxía eólica mariña e a creación dun canon para gravar as liñas eléctricas que conectarán os parques eólicos *offshore* coas subestacións correspondentes. O que se recade irá a labores de conservación do ambiente así como a darlle unha contraprestación ao sector pesqueiro.

O título cuarto inclúe a creación dun fondo da Xunta para a recuperación de territorios afectados por incendios e que vai contar con achegas das empresas, o quinto desenvolve normativamente proxectos de autoconsumo das áreas empresariais para dar estabilidade ao prezo da enerxía, o sexto regula a creación dun sistema voluntario de créditos de carbono e, por último, o sétimo título aborda a xestión de biorresiduos e materia orgánica cun alto potencial para converterse en biometano.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA REFORZA A FORMACIÓN PROFESIONAL GALEGA COA CREACIÓN DE TRES NOVOS CENTROS INTEGRADOS EN VIGO, PONTEVEDRA E OURENSE

- A Consellería de Educación eleva un informe ao Consello no que dá conta da conversión en CIFP dos institutos Audiovisual, Montecelo e Vilamarín
- Nestes novos centros especializados reforzaranse as familias profesionais de sanidade, imaxe e son e hostalaría
- Esta transformación permitirá ampliar a oferta e establecer novas sinerxías co tecido socioprodutivo da contorna de cada un dos novos centros integrados
- O próximo curso Galicia contará cun total de 27 centros deste tipo fronte aos 11 que había en 2009
- A rede de centros Integrados de FP configúranse como un instrumento fundamental para seguir potenciando estas ensinanzas como sinónimo de calidade, innovación, emprendemento e empregabilidade
- Actualmente aglutinan un 46 % das matrículas dos máis de 60.000 alumnos que cursan ciclos formativos en Galicia

O Consello da Xunta de Galicia avaliou hoxe un informe da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades onde se dá conta da creación de tres novos centros integrados de FP. Trátase, concretamente, da transformación en centro integrado dos institutos de educación secundaria IES Audiovisual de Vigo, IES Montecelo de Pontevedra e IES de Vilamarín (en Ourense). Deste xeito, a Xunta de Galicia reforza a estrutura estratéxica da FP galega, aumentando ata 27 o número de CIFP dependentes da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para o curso 2023/24, fronte aos 11 que había en 2009. A transformación destes tres institutos en centros integrados de FP vai permitir potenciar a oferta e establecer novas sinerxías co tecido socioprodutivo da contorna de cada un deles.

Precisamente, a ampliación da rede de centros de FP é un dos obxectivos recollidos na Estratexia de FP Galicia 2030, que establece como un dos seus eixes promover o papel dos centros integrados de excelencia como referencia para cada familia profesional e sector produtivo e que estes centros desenvolvan accións de innovación do profesorado coa participación activa do tecido empresarial e de institución.

#### **Reforzo das familias profesionais de sanidade, imaxe e son e hostalaría**

No caso do actual Instituto Audiovisual de Vigo, a súa conversión en centro Integrado de FP suporá implementar a familia profesional de imaxe e son, para dar servizo ao sector audiovisual no ámbito sur de Galicia. Deste xeito, a cidade de Vigo aglutinará tres dos sete centros deste tipo cos que contará a provincia a partir de setembro.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A conversión en centro integrado de FP do IES Montecelo permitirá reforzar a especialización deste centro na familia profesional de sanidade na área de Pontevedra, o que redundará nunha maior oferta de profesionais sanitarios.

No concello de Vilamarín, en Ourense, a transformación do seu instituto en centro integrado de formación profesional é unha aposta polo sector agrohostaleiro, no cal xa é unha referencia, e pola hostalaría sustentable de quilómetro cero. Así, a provincia de Ourense pasará de tres a catro centros deste tipo e, no caso de Vilamarín, tamén implica unha firme aposta por estas ensinanzas no rural, xa que actualmente están todos eles radicados na cidade das Burgas.

### **Calidade, innovación, emprendemento e empregabilidade**

Actualmente son 24 os centros integrados de FP que constitúen o eixe vertebrado da FP galega e que se conciben como instrumentos fundamentais para seguir potenciando a formación profesional galega como sinónimo de calidade e de empregabilidade, grazas ao establecemento dunha oferta modular, flexible, de calidade e adaptada ás demandas socioeconómicas. De feito, tres deles (Carlos Oroza de Pontevedra, As Mercedes de Lugo e Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña) acaban de incorporarse recentemente á Rede Estatal de Centros de Excelencia coa máxima puntuación de España.

Esta rede, que aglutina un 46 % das matrículas dos máis de 60.000 alumnos que cursan ciclos formativos en Galicia, xoga un papel destacado na aposta pola constante innovación na FP. Non en balde, todos eles contan con aulas de tecnoloxía aplicada dotadas cos equipamentos máis avanzados en ámbitos como a ciberseguridade, a simulación virtual, a biotecnoloxía ou a fabricación aditiva. Outra das liñas de traballo destacadas destes centros é o emprendemento, a través dos viveiros de empresas que funcionan en cada un deles e nos cales se prioriza a relación constante co sistema produtivo.

Ademais, estes centros son axentes para o procedemento de avaliación, recoñecemento, e acreditación de competencias profesionais, xa que contribúen á acreditación da experiencia profesional dos traballadores.

Nesta lexislatura xa se crearon centros integrados de FP en Ferrol, Culleredo, Pontedeume e Vilagarcía de Arousa.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PRESENTA A PRIMEIRA ESTRATEXIA DE ONCOLOXÍA DE PRECISIÓN DE GALICIA

- A oncoloxía personalizada e de precisión supón un cambio de paradigma que permite intervencións médicas preventivas, diagnósticas e terapéuticas máis eficaces e seguras
- Entre os obxectivos desta estratexia atópanse reducir o impacto poboacional da enfermidade, facilitar o acceso temperá e igualitario aos novos fármacos contra o cancro e promover o desenvolvemento de novas liñas de investigación sobre esta enfermidade
- Entre as melloras que derivarán da posta en marcha desta estratexia, baseada no traballo en rede dos profesionais, está permitir que os pacientes galegos dispoñan dun diagnóstico e tratamento na localización máis próxima ao seu domicilio, ao tempo que manteñen os seus profesionais de referencia como contacto durante toda a traxectoria asistencial
- O programa deberá estar completamente implantado nos centros do Servizo Galego de Saúde en 2028, ademais de completar as 17 liñas estratéxicas que nel se definen

O Consello da Xunta de Galicia abordou esta mañá, na súa xuntanza semanal, un informe sobre a posta en marcha da primeira Estratexia de oncoloxía de precisión de Galicia, o que permitirá acadar diagnósticos e tratamentos personalizados, grazas ao traballo en rede dos profesionais, ao promover una estrutura colaborativa e coordinada de oncoloxía.

Inserida na Estratexia de xestión do cancro 2022-2028, o actual desenvolvemento de ferramentas e tratamentos vencellados á oncoloxía personalizada e de precisión están a supoñer un cambio de paradigma neste ámbito da medicina, permitindo intervencións médicas preventivas, diagnósticas e terapéuticas máis eficaces e seguras.

Trátase dunha abordaxe innovadora baseada na busca de características xenéticas do paciente para acadar diagnósticos e tratamentos máis adecuados.

O obxectivo é reducir o impacto poboacional do cancro mediante a utilización da información extraída das técnicas ómicas, coma a xenómica, para a personalización das medidas preventivas en cada individuo (anticipando a detección e mellorando o seguimento da enfermidade), ademais de facilitar o acceso temperán e igualitario á mellor opción de diagnóstico molecular e terapia dirixida (incrementando así a probabilidade de éxito dos tratamentos, ao tempo que se garante a toda a poboación un acceso homoxéneo á innovación).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **17 liñas extratécnicas contra o cancro**

Unha vez a Estratexia de oncoloxía de precisión de Galicia estea totalmente despregada e en funcionamento nos hospitais do Servizo Galego de Saúde –a mediados de 2028-, deberán estar acadado o conxunto de 17 liñas estratéxicas que define o novo modelo.

En concreto, deberá esta constituída unha rede de comités moleculares de tumores da rede multicéntrica de oncoloxía de precisión, contar cun catálogo de biomarcadores moleculares de oncoloxía e oncohematoloxía e dotar o Sergas dun mecanismo de actualización do catálogo de biomarcadores. Ademais, tamén estará creada a Rede de Análise Xenética-Molecular de Galicia.

Nesta liña desenvolverase e implantarase un programa de garantía de calidade para a Rede de Análise Xenética-Molecular da Comunidade Autónoma, establecerase un consentimento informado homoxéneo para análises xenéticas e definirase un protocolo consensuado de aplicación de oncoloxía de precisión, vinculado ao catálogo de técnicas e biomarcadores autorizados, e un programa de acceso a terapias avanzadas en oncoloxía.

Outra das súas liñas estratéxicas é o desenvolvemento dunha unidade en rede de oncohematoloxía de Galicia, ou a creación da unidade en rede de ensaios clínicos descentralizados de medicina personalizada de Galicia.

Do mesmo xeito, adecuarase a organización dos biobancos da Comunidade Autónoma, crearase un programa de formación continuada en oncoloxía de precisión e a historia clínica molecular, entre outros.

### **Cinco anos para a súa implantación integral no Sergas**

A nova estratexia do Sergas reorganizará e optimizará o emprego dos recursos sanitarios, as infraestruturas e a información clínica existente no Servizo Galego de Saúde. Todo isto cunha proxección temporal que prevé a plena implantación da nova Estratexia da oncoloxía de Galicia para mediados do ano 2028.

O seu plan de implantación desenvolverase en tres etapas. Nomeadamente, unha fase inicial (entre xuño e setembro de 2023), na cal se constituirán todas as estruturas correspondentes á estrutura de gobernanza (comités de dirección, comités científico-técnicos e equipos de desenvolvemento).

A seguir, na denominada fase de desenvolvemento (outubro 2023-outubro 2026), cada equipo de desenvolvemento executará as accións previstas nos plans de acción, cada

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

liña estratéxica pode ter un alcance temporal diferente e pasar á fase de implantación cando estea finalizado o seu desenvolvemento.

Por último, na fase de implantación (xaneiro 2024-xuño 2028), os resultados dos traballos dos diferentes equipos de desenvolvemento pasarán a implantarse a nivel asistencial nas distintas áreas sanitarias e/o organizacións dependentes do Servizo Galego de Saúde implicadas.

Configurada en torno a unha estrutura colaborativa e multidisciplinar, artellarase unha rede en que se integrarán os coñecementos dos profesionais, o que permitirá potenciar a investigación transaccional, como vía para poñer á disposición dos pacientes os tratamentos máis innovadores a través de ensaios clínicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA AVANZA QUE A XUNTA LANZA A MAIOR OFERTA DE FORMACIÓN SANITARIA DA HISTORIA DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2023-2024**

- Resalta que se convocarán 636 prazas para residentes, das que un terzo serán para médicos de familia
- Subliña que o número de prazas ofertadas “aumentou un 70% na última década”
- Galicia ofertará o 100 % das prazas acreditadas nas especialidades de medicina familiar e comunitaria, pediatría, medicina interna, psiquiatría, psicoloxía clínica e matronas
- Na presente convocatoria, a Comunidade galega obtivo a acreditación de 13 novas prazas formativas, cuxos destinos serán os centros sanitarios das áreas de Vigo, Ferrol, Santiago-Barbanza, A Coruña-Cee e Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou na súa reunión semanal “a maior oferta de prazas de formación sanitaria da historia de Galicia” para o exercicio 2023-2024”. En concreto, o titular do Goberno galego explicou que vanse ofertar 636 prazas, das que “un terzo (207) serán para médicos de familia e outras 52 para enfermeiros de Atención Primaria”.

Isto supón que os hospitais e centros de saúde do Sergas contarán no vindeiro exercicio con 16 residentes máis que en 2022. “O número de prazas de formación sanitaria en Galicia non deixou de medrar desde 2012”, lembrou o presidente, que subliñou que na última década “o incremento foi do 70%” ao pasar das 381 prazas ofertadas para 2014-2015 ás 636 da vindeira convocatoria.

Nesta liña, Rueda resaltou a aposta da Xunta para, no marco das súas competencias, ampliar o número de sanitarios (médicos, enfermeiros, farmacéuticos...) que se forman no Sergas co obxectivo de “paliar o déficit actual nalgunhas especialidades” e garantir o relevo xeracional.

O presidente salientou que, un ano máis, Galicia oferta o 100 % das prazas acreditadas en especialidades como medicina familiar e comunitaria, pediatría, medicina interna, psiquiatría, psicoloxía clínica, e matronas. Deste xeito, a Xunta consolida o incremento de prazas para a formación de especialidades MIR relacionadas co ámbito da atención primaria, así como tamén mantén a súa aposta por convocar o 100 % das prazas acreditadas nas especialidades vencelladas á saúde mental.

A presente oferta de prazas para a convocatoria de probas selectivas de 2023, e para o acceso no ano 2024, vai dirixida ás titulacións universitarias de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

grao/licenciatura/diplomatura de medicina, farmacia, enfermería e ámbito da psicoloxía, química, bioloxía e física.

Cómpre destacar que na convocatoria 2023/24 tamén se ofertan o 100 % das prazas acreditadas nas especialidades de cirurxía oral e maxilofacial, cirurxía pediátrica, cirurxía estética e reparadora, endocrinoloxía e nutrición, xeriatria, inmunoloxía, neurocirurxía, neurofisioloxía clínica, oncoloxía radioterápica; radiodiagnóstico, radiofísica hospitalaria; enfermaría do traballo, enfermaría pediátrica e enfermaría xeriátrica.

Por outra banda, na devandita convocatoria, a Comunidade galega obtivo a acreditación de 13 novas prazas formativas, cuxos destinos serán os centros sanitarios das áreas de Vigo, Ferrol, Santiago-Barbanza, A Coruña-Cee e Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Sobre este particular, a Xunta pon en valor o importante labor dos profesionais que colaboran coa docencia, pois o esforzo de xefes de estudo, titores e colaboradores docentes é imprescindible para que poida manterse unha alta calidade na formación das/dos especialistas.

### **Propostas para contar con máis prazas formativas**

A Xunta continúa a facer un esforzo para incrementar a capacidade de formación de especialistas, uns profesionais precisos para prestar uns servizos sanitarios de calidade.

Así, o Servizo Galego de Saúde financiará o 100 % destas prazas con cargo aos seus orzamentos e, no presente ano, destinará unha partida de 69 millóns de euros, para o seu programa de formación de graduados e postgraduados.

Con todo, desde Galicia séguese a instar o Ministerio de Sanidade na adopción de novas medidas que contribúan a poder formar máis especialistas durante os vindeiros anos. "As 13 novas prazas formativas non son dabondo. Necesitamos máis sobre todo nas especialidades con máis déficit de profesionais", indicou Rueda.

O presidente lembrou que a Xunta solicita ao Goberno central a mellora do sistema de selección para evitar que resulten prazas vacantes despois da resolución da convocatoria, eliminando as rixideces do sistema de elección electrónica das prazas e evitando que a nota de corte no exame impida que médicos que aspiran a algunha das prazas convocadas queden sen a posibilidade de elección mentres existan prazas sen cubrir.

Así mesmo, insta a realizar modificacións no procedemento e nos criterios de acreditación de prazas para a súa flexibilización, sobre todo nas especialidades deficitarias. Un compromiso do ministerio adquirido nun Consello Interterritorial do

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sistema Nacional de Saúde do ano 2018 e que segue sen levarse a cabo, impedindo que se poida variar a oferta que se fai nestas especialidades.

Por último, tamén se lle demanda ao Goberno central que dote de operatividade o Rexistro Estatal de Profesionais, o que permitiría a planificación das convocatorias de xeito global para todo o Sistema Nacional de Saúde.

### Anexo 636 prazas FSE 2023-2024

	oferta 2023-2024
ALERGOLOXÍA	2
ANÁLISIS CLÍNICOS	5
ANATOMÍA PATOLÓXICA	5
ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN	20
ANXIOLOXÍA E CIRUXÍA VASCULAR	5
APARATO DIXESTIVO	7
BIOQUÍMICA CLÍNICA	0
CARDIOLOXÍA	8
CIRUXÍA CARDIOVASCULAR	1
CIRUXÍA XRAL. E DO A. DIXESTIVO	13
CIRUXÍA ORAL E MAXILOFACIAL	1
CIRUXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA	12
CIRUXÍA PEDIÁTRICA	2
CIRUXÍA PLÁSTICA ESTÉTICA E REPARADORA	3
CIRUXÍA TORÁCICA	1
DERMATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA	5
ENDOCRINOLOXÍA E NUTRICIÓN	6
FARMACIA HOSPITALARIA	9

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

FARMACOLOXÍA CLÍNICA	0
XERIATRÍA	4
HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA	8
INMUNOLOXÍA	1
MEDICINA FÍSICA E REHABILITACIÓN	5
MEDICINA INTENSIVA	8
MEDICINA INTERNA	19
MEDICINA NUCLEAR	1
MICROBIOLOXÍA Y PARASITOLOXÍA	5
NEFROLOXÍA	5
PNEUMOLOXÍA	7
NEUROCIURXÍA	3
NEUROFISIOLOXÍA CLÍNICA	3
NEUROLOXÍA	8
OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA	10
OFTALMOLOXÍA	9
ONCOLOXÍA MÉDICA	6
ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA	3
OTORRINOLARINGOLOXÍA	6
PEDIATRÍA E ÁREAS ESPECÍFICAS	27
RADIODIAGNÓSTICO	20
RADIOFÍSICA HOSPITALARIA	2
REUMATOLOXÍA	4
UROLOXÍA	7
MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA	207
ENFERMERÍA FAMILIAR E COMUNITARIA	52
MEDICINA PREVENTIVA	5
MEDICINA DO TRABALLO	6
ENFERMERÍA DO TRABALLO	2
MATRONAS	20
PSIQUIATRÍA	17
PSIQUIATRÍA INFANTIL E DA ADOLESCENCIA	1
PSICOLOXÍA CLÍNICA	14
ENFERMERÍA SAÚDE MENTAL	19
ENFERMERÍA PEDIÁTRICA	15
ENFERMERÍA XERIÁTRICA	2

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
 15704, Santiago de Compostela  
 T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ELEVA NESTE CURSO ACADÉMICO ATA PRETO DE 330 AS NOVAS PRAZAS NOS SEUS CENTROS DE FORMACIÓN E EXPERIMENTACIÓN AGRARIA

- Esta oferta formativa supón un incremento de case o 9 % con respecto ao curso anterior, e de máis do 17 % en relación co curso 2021-2022
- Ademais, incorpórase como novidade a posta en marcha de tres novos ciclos formativos na modalidade dual en Guísamo, no Pedro Murias de Ribadeo e no centro de Sergude, que inciden na alternancia entre o centro educativo e a empresa e favorecen a inserción laboral dos alumnos
- En canto á formación non regrada para a obtención de títulos habilitantes, son cinco os cursos ofrecidos na modalidade de formación en liña por parte da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
- Cómpre destacar tamén os cursos de aptitude empresarial agraria impartidos en formato semipresencial (*b-learning*) a través do Centro de Formación e Experimentación Agraria (CFEA) de Monforte de Lemos

Os seis centros de formación e experimentación agraria (CFEA) da Axencia Galega da Calidade Alimentaria -adscrita á Consellería do Medio Rural- ofertarán no curso académico 2023-2024 un total de 328 novas prazas que supoñen un incremento de preto do 9 % con respecto ao curso anterior e de máis do 17 % en relación co curso 2021-2022. Trátase dos centros Pedro Murias de Ribadeo, Guísamo, Lourizán, Monforte de Lemos, Sergude e Becerreá. Así, no CFEA Pedro Murias haberá 30 prazas novas; en Guísamo, 115; Lourizán contará con 42 novas prazas, cifra idéntica á de Becerreá, e Sergude incorporará 99 prazas máis.

Ademais, en relación co curso pasado, incorpórase como novidade a posta en marcha de tres novos ciclos formativos na modalidade dual, que incide na alternancia entre o centro educativo e a empresa e que favorece a inserción laboral dos alumnos. Son o ciclo medio en xardinaría e floraría, no CFEA de Guísamo, o ciclo medio de produción agrocolóxica, no Pedro Murias de Ribadeo, e o ciclo superior de gandaría e asistencia en sanidade animal, no de Sergude.

Estes datos permiten consolidar a oferta formativa no ámbito agrogandeiro e forestal que coordina a Consellería do Medio Rural. A formación impartida ten carácter eminentemente práctico e en colaboración co sector. Ademais, o persoal formado nos CFEA ten un alto grao de cualificación que o fai especialmente atractivo para a súa inserción no mercado laboral.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Oferta formativa por centros**

No CFEA Pedro Murias de Ribadeo a oferta elévase ata 30 prazas na modalidade dual con 15 para o grao medio de aproveitamento e conservación do medio natural e 15 de nova creación para a produción agroecolóxica.

O CFEA de Guísamo terá 115 prazas máis na súa oferta, ao incorporarse como novidade o ciclo medio de xardinería e floraría na modalidade dual e manter o ciclo no réxime modular de persoas adultas na modalidade semipresencial con 50 prazas, ademais doutras 50 prazas no grao medio de xardinaría e floraría (réxime modular de adultos na modalidade semipresencial).

No CFA Lourizán ofértanse un total de 42 prazas: 20 no grao medio en aproveitamento e de conservación do medio natural e outras 22 no grao superior en xestión forestal e do medio natural, ambas en réxime ordinario na modalidade presencial.

Canto ao CFA de Becerreá, ofértanse 42 prazas das que 20 corresponden ao grao medio en aproveitamento e de conservación do medio natural e 22 no grao superior en xestión forestal e do medio natural, ambas tamén en réxime ordinario e presencial.

Finalmente, no CFA de Sergude ofértanse un total de 99 prazas das que 22 son no grao superior de gandería e asistencia en sanidade animal -o máis demandado e exclusivo deste centro-, polo que se engaden outras 22 adicionais pero por formación dual. Outras 20 prazas ofértanse no grao medio en aproveitamento e conservación do medio natural, ambas en réxime ordinario presencial. Haberá 20 prazas máis no grao medio de produción agropecuaria (tamén ordinario presencial) e 15 máis no grao medio en produción agroecolóxica (réxime modular de persoas adultas na modalidade presencial).

### **Títulos habilitantes**

En canto á formación non regrada para a obtención de títulos habilitantes, son cinco os cursos ofrecidos na modalidade de formación en liña por parte da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, no marco dunha plataforma que se potencia con novos contidos, a actualización dos xa existentes e a mellora da súa presentación, facéndoos moito máis atractivos. Trátase dos de benestar animal nas explotacións, benestar animal no transporte de animais vivos, formación para o persoal que traballe con gando porcino, formación para o persoal que traballe con gando avícola e formación para o persoal que traballe con gando bovino. Estes dous últimos son novos este ano.

Esta formación proporcionaralles aos profesionais do sector o certificado exigible pola normativa que regula as súas actividades, co fin de poder exercelas e de poder contar coa pertinente acreditación de formación específica. Os novos formatos ofertados pretenden conseguir a maior interactividade posible entre o alumno e os contidos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dispostos na plataforma, mediante o emprego de vídeos explicativos, xogos, imaxes, infografías, esquemas e outras ferramentas.

Dentro desta oferta en liña cómpre destacar tamén os cursos de aptitude empresarial agraria impartidos en formato semipresencial (*b-learning*) a través do CFEA de Monforte de Lemos. Estes cursos constitúen a formación necesaria para que aquelas persoas que non teñan a formación agraria suficiente a acaden e poidan acceder ás axudas á primeira instalación de agricultores mozos (18 aos 40 anos), que se incorporan como titulares ou cotitulares a unha explotación agraria, segundo as bases reguladoras das axudas para a modernización das explotacións agrarias e para a incorporación de mozos á actividade agraria.

A través de toda esta oferta, orientada aos ámbitos agrícola, gandeiro e forestal, a mellora da formación do persoal que traballa no sector primario galego repercute nun incremento da competitividade deste eido produtivo e tamén na mellora da calidade destas producións, co conseguinte beneficio para a sociedade no seu conxunto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

